

[inicio](#) | [mapa web](#) | [contacto](#)[Páxina principal](#)[O teu Concello](#)[Corporación Municipal](#)
[O goberno municipal](#)
[Grupos políticos](#)
[Mancomunidade](#)[O que che ofrece Ferrol](#)[Como chegar?](#)
[Axenda cultural](#)[Teatro Jofre](#)
[Torrente Ballester](#)
[Centro cívico Caranza](#)
[Exposicións](#)
[Concertos](#)[Cine](#)
[Deportes](#)
[FIMO](#)
[Guías de turismo](#)
[Para comer e durmir](#)
[Para ir de copas](#)
[Visitas obrigadas](#)[Servizos](#)
[Vodas civís](#)
[Teléfonos de interese](#)
[Transporte urbano](#)
[Transporte interurbano](#)
[Transporte marítimo](#)[Enlaces de interese](#)[Administracións](#)
[Entidades sociais](#)

O Concello aposta pola promoción do turismo náutico vinculado ao desenvolvemento sostible

Luns, 17 de decembro de 2007

O alcalde, Vicente Irisarri, será o encargado de inaugurar en FIMO unha xornada técnica sobre este sector

[Volver](#) | [Versión para imprimir](#)

O alcalde da cidade, Vicente Irisarri, será o encargado de inaugurar mañá, 18 de decembro, a II Xornada Técnica de Turismo Náutico e Desenvolvemento Sostible, un evento organizado pola Asociación Galega de Actividades Náuticas – AGAN – e patrocinado polo Concello de Ferrol, a Xunta de Galicia e a Cámara de Ferrol.

O rexedor municipal explicou que na primeira edición, celebrada en Santiago, participara como ponente e comprobara o interese da iniciativa, polo que realizou os contactos e xestións necesarias para conseguir que Ferrol fose sede desta segunda xornada. Nesta liña, o primeiro edil considera que todo o relacionado coas actividades náuticas se ten convertido nun sector económico ao que lle espera un longo percorrido e que contribuirá significativamente ao desenvolvemento económico da Comunidade galega.

Na ría de Ferrol, subraiou Vicente Irisarri, deberían tomarse decisións importantes nos próximos meses por parte da Autoridade Portuaria e Portos de Galicia. Neste senso, o alcalde espera moito do Plan Director de Portos Deportivos elaborado pola Consellería de Política Territorial como ferramenta de crecemento sostible e ordeado deste sector.

Pola súa parte, subliñou a intención do executivo local de imprimir un novo rumbo na promoción turística de Ferrol explotando ao máximo os seus recursos naturais. Neste senso, o primeiro edil subliñou a necesidade de ofrecer paquetes turísticos diferenciados, cun alto valor engadido. E, neste contexto, o patrimonio natural de montaña e costa co que conta Ferrol sitúa á cidade nunha posición preferente. Asemade, Irisarri abogou por compatibilizar esa política turística cun crecemento sostible e respetuoso co medio.

Así, o alcalde asegurou que dende o Concello se explotará significativamente a materia prima que ofrece a cidade, sumándose ao poder de atracción da costa e das súas praias unha oferta de ocio de calidade. Calidade que virá dada polas actividades náuticas, servizos hosteleiros e culturais. Coa firme vontade de profundizar na consecución destes obxectivos, o Concello quere implicarse en iniciativas como a prevista por AGAN.

Este martes, en FIMO

A actividade, que se vai desenvolver ao longo de toda a xornada do martes nas instalacións de FIMO, contará coa presenza de destacados profesionais e expertos da materia nacionais e

[AXÚDENOS A MELLORAR](#)

Trasládenos as súas suxestións.

[ESCRIBA AO ALCALDE](#)

Agardo as túas mensaxes

[BUZÓN ASOCIACIÓNS](#)

En contacto cos veciños

[DESTACADOS](#)

internacionais. Así as cousas, os que acudan a esta cita terán ocasión de seguir os relatorios do presidente da Autoridade Portuaria, Amable Dopico; de François Arbellot, director adxunto de Nautisme en Finistère ou do directivo de Intercéltica, Joao Zamith. Tamén están invitados Gregorio Méndez de la Muela, de CMM Consultores turísticos; Luisa Tajés Rama, directora do programa ANM ou Jose Manuel Fernández Gómez, coordinador da Rede Galega de Bases Náuticas, entoutros. Todos eles abordarán o turismo náutico dende diferentes puntos de vista. Entre eles, a demanda estranxeira por mercados, a apertura das actividades náuticas á poboación galega ou o proxecto de instalación dun porto deportivo na cidade ferrolá. Tamén haberá ocasión de aprender coas experiencias levadas a cabo noutras cidades e rexións.

A xornada dará comezo ás dez da mañá e rematará contra das oito da tarde. Aquelas persoas que queiran asistir poden obter máis información na dirección de enderezo electrónico comunicación@agan.info ou no número de teléfono 988 493 192. A entrada é libre.



[Inicio](#) | [Mapa Web](#) | [Contacto](#) | [RSS](#)
Concello de Ferrol - Praza de Armas, s/n. 15402 Ferrol
Teléfono: 981.944.000 Fax: 981.944.028 informacion@ferrol.es

